

## COMUNICADO INICIO CURSO 2020-2021

Estimados socios:

Dende a ANPA Pousa de Fontán non tivemos máis remedio que tomar a difícil decisión de non seguir xestionando as actividades extraescolares e a aula madrugada durante o curso 2020-2021 polo risco e responsabilidade que nos supón.

Como temos constancia da necesidade de conciliación de moitas familias, estamos mantendo comunicación co Concello para tratar de buscar unha solución. O pasado venres día 28 de agosto, mantivemos unha xuntanza para abordar o tema do comedor e insistimos na necesidade de que dende o Departamento de Igualdade e Benestar se asumira a xestión das aulas madrugadas neste curso escolar polas limitacións coas que nos atopamos. Dende o Consello da Muller xa se leva solicitando durante moito tempo, trasladando as seguintes razóns:

O protocolo da Consellería de Educación obriga as Anpas a asumir unha serie de tarefas e responsabilidades que non poden levar a cabo, tales como:

- 1.- *Elaboración dun protocolo sin ser técnicos de prevención, asumindo a responsabilidade de seguridade dunhas actividades levadas por terceiros (empresas subcontratadas), durante unha pandemia global.*
- 2.- *Atopámonos inmersos nunha situación excepcional e consideramos que non estamos preparados para levar a cabo estas actividades pola falta de formación, espazo, medios e información.*
- 3.- *No caso dun contaxio no centro educativo, levarase a cabo unha investigación en todo o centro, no caso de que se demostre unha posible negligencia na aula matinal ou nunha actividade extraescolar, a responsabilidade xurídica recae sobre o responsable da actividade, neste caso a ANPA, e dicir, a persoa firmante do contrato vixente, presidente ou presidenta de dita asociación, respondendo co seu propio patrimonio, no caso de deudas contraídas por actos dolosos, culposos ou negligentes. No caso de que éste non alcance, poderase incluír ao resto de representantes da directiva inda que nunca aos asociados.*
- 4.- *A directiva está traballando para que o servizo de aula madrugada sea asumido polo Concello ou pola Administración Pública, como xa se leva facendo anos atrás.*
- 5.- *Por último, poño a disposición o meu cargo de presidente de esta asociación por si algún socio esté interesado en asumir o devandito cargo para levar a cabo esta ou outras actividades.*

Polos motivos expostos, non podemos facernos responsables no transcurso dunha pandemia das actividades extraescolares nin dunha aula madrugada ao non poder garantir totalmente que non vaia a producirse un contaxio ou unha posible negligencia.

Precisamos manter comunicación cos nosos asociados e tentar solventar aquelas dúbidas que teñades, pero a actividade da ANPA agora está moi limitada pola pandemia e tamén polos protocolos que se activaron nos centros educativos, por iso, rogo se use o correo electrónico ([anpapousadefontan@hotmail.com](mailto:anpapousadefontan@hotmail.com)) para calquera problemática, dúbida ou necesidade das familias asociadas.

Non esquezaades facervos socios e pagar a cuota anual. Unha aperta.

A presidenta da Anpa Pousa de Fontán (Mati Sanromán)